

## I. DISPOSICIONES XERAIS

### MINISTERIO DE FOMENTO

**2670** *Real decreto 123/2015, do 27 de febreiro, polo que se regulan a licenza e habilitacións do piloto de ultralixeiro.*

As escolas de aviación e as actividades de deportes aéreos encóntranse sometidas ás prescricións da Lei 48/1960, do 21 de xullo, sobre navegación aérea, e da Lei 21/2003, do 7 de xullo, de seguridade aérea; esta última dispón que é competencia do Ministerio de Fomento a ordenación da aviación recreativa.

A regulación do voo deportivo en ultralixeiro e o réxime aplicable aos centros de voo e escolas de ultralixeiros están na actualidade recollidos na Orde do Ministerio de Transportes, Turismo e Comunicacions, do 24 de abril de 1986, ditada en desenvolvemento do Real decreto 2876/1982, do 15 de outubro, polo que se regula o rexistro e uso de aeronaves de estrutura ultralixeira e se modifica o rexistro das aeronaves privadas non mercantís.

O tempo transcorrido desde a adopción destas disposicións, xunto coa evolución constante desta actividade de voo e os avances técnicos das aeronaves ultralixeiros, fan necesario abordar a modificación urxente do réxime do ensino e das licenzas e habilitacións para a práctica do voo en ultralixeiro co fin de asegurar o mantemento dos estándares de seguridade da operación. Con este obxecto adóptase este real decreto.

Ademais, simplifícanse os requisitos exixibles para os certificados médicos dos pilotos de aeronaves ultralixeiros e remítese aos establecidos polo Regulamento (UE) n.º 1178/2011 da Comisión, do 3 de novembro, polo que se establecen os requisitos técnicos e os procedementos administrativos relacionados co persoal de voo da aviación civil en virtude do Regulamento (CE) n.º 216/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, para as licenzas de piloto de aeronave lixeira (LAPL), aquelas que habilitan para actuar sen remuneración como piloto ao mando en operacións non comerciais en avións e helicópteros cunha masa máxima de engalaxe de 2.000 kg ou inferior, e que transporten un número máximo de 3 pasaxeiros.

Modifícase o Real decreto 2876/1982, do 15 de outubro, polo que se regula o rexistro e o uso de aeronaves de estrutura lixeira e se modifica o rexistro de aeronaves privadas non mercantís, para adecuar o seu réxime ao previsto nesta norma, e derróganse os capítulos da Orde do 24 de abril de 1986 pola que se regula o voo de ultralixeiro, que regulaban as materias obxecto de desenvolvemento, mediante este real decreto.

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.20.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de control do espazo aéreo, tránsito e transporte aéreo, e de conformidade co disposto na disposición derradeira cuarta da Lei 48/1960, do 21 de xullo, sobre navegación aérea.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Fomento, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas (...) do Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 27 de febreiro de 2015,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

#### Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto regular os requisitos e o procedemento para a obtención da licenza e as habilitacións para os pilotos de ultralixeiros, así como os requisitos do ensino e as probas para a súa obtención.

## Artigo 2. *Definicións.*

1. Para os efectos deste real decreto enténdese por:

a) Desprazamento do centro de gravidade (DCG): consideración particular dos ultralixeiros que supeditan o seu mando aerodinámico ao desprazamento do centro de gravidade do conxunto da aeronave e ocupantes.

b) Licenza de ultralixeiro: o carné de tripulante, título ou licenza a que se refire o Real decreto 2876/1982, do 15 de outubro, que habilita o seu titular para realizar a actividade recreativa de voo en ultralixeiro nas condicións e conforme as habilitacións anotadas nesta.

c) Ultralixeiro: os aerodinos motorizados comprendidos nalgunha das categorías previstas no artigo 1 do Real decreto 2876/1982, do 15 de outubro.

d) Voo só: aquel en que o alumno piloto é o único ocupante do ultralixeiro e desenvolve os exercicios baixo a supervisión do instrutor.

e) Rexistro de tempo de voo: documento de anotación dos voos realizados polo piloto de ultralixeiros.

2. Ao resto dos conceptos utilizados neste real decreto seranlle de aplicación as definicións do Regulamento (UE) n.º 1178/2011 da Comisión, do 3 de novembro de 2011, polo que se establecen requisitos técnicos e procedementos administrativos relacionados co persoal de voo da aviación civil en virtude do Regulamento (CE) n.º 216/2008 do Parlamento Europeo e do Consello.

## Artigo 3. *Competencias.*

Corresponde á Axencia Estatal de Seguridade Aérea, de conformidade co previsto no seu estatuto, aprobado polo Real decreto 184/2008, do 8 de febreiro:

a) Expedir as licenzas dos pilotos de ultralixeiro así como, se for o caso, a suspensión ou revogación que proceda de conformidade co previsto no título V da Lei 21/2003, do 7 de xullo, de seguridade aérea.

b) Anotar nas licenzas a obtención, reválida e renovación das habilitacións dos pilotos de ultralixeiros.

c) Validar os títulos e habilitacións requiridos para o voo en ultralixeiro outorgados por Estados membros do Convenio de aviación civil internacional.

d) A inspección aeronáutica, de acordo co disposto nos títulos III e IV da Lei 21/2003, do 7 de xullo, de seguridade aérea.

e) O exercicio da potestade sancionadora nesta materia, de conformidade co título V da Lei 21/2003, do 7 de xullo.

## CAPÍTULO II

### Ensino e exames

## Artigo 4. *Alumno piloto.*

1. Para ser alumno piloto requírese unha idade mínima de 16 anos e estar matriculado nunha escola de voo de ultralixeiros autorizada pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea.

2. Para matricularse nunha escola de voo de ultralixeiros será necesario presentar a seguinte documentación:

a) Fotocopia do DNI, no caso de cidadáns españois, e número de identificación de estranxeiro ou pasaporte en vigor, no caso de cidadáns dos Estados membros da Unión Europea, dos Estados parte no Acordo do Espazo Económico Europeo ou de terceiros países.

Non será necesario presentar fotocopia do DNI ou NIE cando o interesado preste o consentimento para a verificación dos datos de identidade a través do Sistema de verificación de datos establecido no Real decreto 522/2006, do 28 de abril, polo que se suprime a presentación de fotocopias de documentos de identidade nos procedementos administrativos da Administración xeral do Estado e dos seus organismos públicos vinculados ou dependentes.

b) Os menores de idade xuntarán a autorización de quen teña a patria potestade ou tutela sobre o interesado, con lexitimación notarial de sinatura ou legalización pola representación diplomática ou consular correspondente.

c) Certificado médico en vigor conforme os requisitos previstos no artigo 8, letra b).

3. As escolas de voo de ultralixeiros emitirán un documento de identificación de cada alumno matriculado no cal figurará tamén a identidade do responsable da instrución e que caducará na mesma data que o certificado médico a que fai referencia a letra c).

O alumno piloto deberá levar o dito documento en todo momento mentres desenvolva a instrución práctica.

4. O alumno piloto non voará só a menos que, con motivo da súa propia instrución, o faga baixo a supervisión dun instrutor de voo que determinará os contidos e os límites da zona de voo e controlará o seu desenvolvemento. En ningún caso o alumno piloto pode voar só en voo transfronteirizo, nin levar acompañantes, nin incluso cando se deixase en suspenso a limitación operativa relativa á operación fóra do espazo aéreo español, conforme o previsto no Real decreto 2876/1982, do 15 de outubro.

#### Artigo 5. *Instrución.*

1. As escolas de voo de ultralixeiros autorizadas pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea impartirán a formación teórica e a formación práctica específica do tipo de aeronave ou aeronaves de escola de que dispoñan.

2. Para a obtención da licenza de piloto de ultralixeiro será necesario completar a instrución teórica e práctica requirida.

3. A instrución teórica oríentase a proporcionar un nivel de coñecementos teóricos apropiados a través de exames sobre as seguintes materias:

- a) Dereito aéreo (DA).
- b) Coñecemento xeral da aeronave do tipo en que realice a instrución (CGA).
- c) Desempeño (PE).
- d) Actuacións e limitacións humanas (FH).
- e) Meteoroloxía (ME).
- f) Navegación (NV).
- g) Procedementos operacionais (PO).
- h) Principios de voo (PV).
- i) Comunicacións (COM).

A Axencia Estatal de Seguridade Aérea detallará os contidos básicos de cada unha das materias que integran o programa de ensino e publicarao na súa páxina web.

4. A instrución práctica comprenderá a realización, no tipo de aeronave en que se quere obter a licenza, dun mínimo de quince (15) horas de instrución de voo, que incluírán tres horas de voo só, durante as cales se efectuarán non menos de vinte engalaxes e vinte aterraxes e un voo de travesía cunha duración mínima de sesenta minutos, durante o cal se realizará unha parada completa nun campo de voo diferente do de partida.

En caso de aeronaves con desprazamento de centro de gravidade, o número mínimo de horas de instrución a que se refire este número será de dez (10) horas.

5. Con carácter previo ao primeiro voo só, o alumno terá demostrado ao seu instrutor o coñecemento, tanto teórico como práctico, das regras de voo e situacións que se poden presentar durante o dito voo.

## Artigo 6. *Exames.*

1. Para a obtención da licenza de piloto de ultralixeiro será necesario, tras completar a instrución teórica impartida por unha escola de voo autorizada, superar un exame teórico e un exame práctico.

2. O exame teórico será tipo test. Unha vez superado, o exame teórico terá un período de validez de 24 meses.

3. O exame práctico consistirá nunha proba de voo, cuxo contido será descrito pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea e publicado na súa páxina web. Levarase a cabo en presenza dun examinador designado pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea, segundo se prevé no artigo seguinte.

Para a realización do exame práctico, o alumno piloto deberá cumprir os seguintes requisitos:

- a) Ter completado a instrución práctica a que se refire o artigo 4.4.
- b) Ter superado o exame teórico e encontrarse dentro do prazo de validez previsto no número anterior.
- c) Contar cunha idade mínima de 17 anos na data en que se realice o exame, sen prexuízo de que a obtención da licenza estea suxeita ao cumprimento do requisito de idade previsto no artigo 8.1, letra a).
- d) Manter en vigor o certificado médico previsto no artigo 8.1, letra b).

## Artigo 7. *Examinador.*

1. O exame práctico a que se refire o número 3 do artigo anterior será supervisado por un examinador a bordo da aeronave, designado pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea. Corresponde tamén ao examinador designado supervisar a proba de voo para a obtención e renovación das habilitacións, segundo se dispón nos artigos seguintes, así como para a validación a que fai referencia o artigo 13.2.

2. A Axencia Estatal de Seguridade Aérea poderá designar examinadores entre aqueles que desenvolvan tarefas de inspección aeronáutica ao servizo da Axencia Estatal de Seguridade Aérea.

3. Tamén poderá designar examinadores entre aqueles que obtivesen o certificado de examinador, expedido pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea, de conformidade co previsto neste artigo.

Para obter o certificado de examinador será necesario cumprir os seguintes requisitos:

- a) Dispor da habilitación de instrutor de ultralixeiro en vigor e correspondente ao tipo de ultralixeiro en que vai examinar.
- b) Acreditar, ao menos, 500 horas de voo como piloto ao mando e 150 horas como instrutor de ultralixeiro do tipo para o cal estea habilitado.
- c) Superar o curso de estandarización establecido pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea, cuxo contido estará dispoñible na súa páxina web.
- d) Superar unha avaliación de competencia, que se deberá realizar ante un examinador designado do número 2 ou un examinador experimentado do número 4.

A avaliación de competencia consistirá na supervisión dunha proba de voo en que o interesado actuará como examinador e que incluírá unha sesión informativa e unha análise posvoo.

e) Non ter sido sancionado pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea coa limitación, suspensión ou revogación da licenza de ultralixeiro.

4. Os examinadores certificados conforme o número anterior poderán, logo de solicitude e xustificación da súa experiencia, ser acreditados pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea como examinadores experimentados.

A acreditación como examinador experimentado habilita para realizar, ademais das probas de voo previstas no número 1:

- a) A avaliación de competencia para obter a autorización de examinador a que se refire o número 3 d), e
- b) A avaliación de competencia para a obtención da habilitación de instrutor de ultralixeiro (FI), prevista no artigo 11.1.c).

5. No certificado expedido reflectiranse as atribucións do examinador e anotarase, cando proceda, a acreditación como examinador experimentado. O certificado terá unha validez de tres anos e poderá ser revalidado durante o seu período de validez cando, ademais dos requisitos previstos nas letras a) e d) do número 3, concorran os dous requisitos seguintes:

- a) Ter realizado dúas probas de voo das previstas no número 1 nos doce meses anteriores á solicitude. No caso dun examinador experimentado exixiráselle, ademais, ter realizado unha avaliación de competencia.
- b) Ter realizado o curso de actualización para examinadores impartido pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea.

Cando o certificado de examinador caduque, a obtención dun novo certificado exixirá o cumprimento de todos os requisitos previstos no número 3.

6. Absterase de exercer as funcións previstas neste artigo o examinador que fose instrutor do interesado ou cuxa imparcialidade poida verse afectada doutro modo».

### CAPÍTULO III

#### Licenza e habilitacións

Artigo 8. *Licenza de piloto de ultralixeiro.*

1. Son requisitos para obter a licenza de piloto de ultralixeiro, ademais de acreditar a formación, teórica e práctica, prevista neste real decreto:

- a) Ter, ao menos, dezaoto anos de idade.
- b) Estar en posesión dun certificado médico expedido de conformidade co previsto no Regulamento (UE) n.º 1178/2011 da Comisión, do 3 de novembro de 2011, polo que se establecen requisitos técnicos e procedementos administrativos relacionados co persoal de voo da aviación civil en virtude do Regulamento (CE) n.º 216/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, para os certificados da licenza de piloto de aviación lixeira (LAPL) incluídas, no que resulte de aplicación, as limitacións previstas nel.

2. A licenza de piloto de ultralixeiro, sempre que vaia acompañada do certificado médico previsto no artigo 8.1, letra b), en vigor, faculta o seu posuidor para actuar como piloto ao mando de calquera ultralixeiro para o cal estea debidamente habilitado.

3. A licenza será expedida, logo de solicitude do interesado, pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea unha vez superados os exames teórico e práctico previstos no capítulo II. O interesado deberalle xuntar á solicitude o certificado médico previsto no artigo 8.1, letra b), en vigor.

Na licenza de piloto de ultralixeiro inseriranse as habilitacións obtidas polo seu titular.

4. O titular da licenza de piloto de ultralixeiro deberá levar e manter actualizado un rexistro de tempo de voo, conforme o modelo publicado pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea na súa páxina web.

5. A licenza só poderá reexpedirse cando ao menos unha das habilitacións multiteixes de ala fixa (MAF), desprazamento do centro de gravidade (DCG), helicópteros (H), autoxiros (AG) ou hidroavión (HD) estean en vigor.

## Artigo 9. *Habilitacións.*

1. Establécense as seguintes habilitacións:
  - a) Multieixes de ala fixa (MAF).
  - b) Desprazamento do centro de gravidade (DCG).
  - c) Autoxiros (AG).
  - d) Helicópteros (H).
  - e) Hidroavión (HD).
  - f) Instrutor (FI).
  - g) Radiofonista (RTC).

2. As habilitacións a que se refire o número 1, letras a) a f), ambas inclusive, inseridas na licenza de ultralixeiro, teñen unha validez de dous anos e deben ser revalidadas ou renovadas, segundo proceda, por idénticos períodos bienais. A habilitación de radiofonista ten unha validez indefinida mentres se mantéña en vigor algunha habilitación das previstas nas letras a) a e), ambas inclusive, do número 1, nos termos previstos no artigo 12.2.

## Artigo 10. *Habilitación multieixes de ala fixa (MAF), desprazamento do centro de gravidade (DCG), autoxiros (AG), helicópteros (H) e hidroavión (HD).*

1. Ao obter a licenza de piloto de ultralixeiro, inserirase nesta a habilitación correspondente á modalidade de aeronave en que o alumno piloto realizase a proba de voo e recibise a instrución teórica e práctica.

2. Para obter unha habilitación distinta, o piloto de ultralixeiro deberá ter realizado, no tipo de ultralixeiro cuxa habilitación pretenda obter, ao menos:

- a) A instrución teórica e práctica correspondente a esa modalidade de aeronave, impartida por unha escola de voo de ultralixeiros autorizada pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea.
- b) Cinco horas de voo.
- c) Unha proba de voo ante un examinador designado pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea, conforme o previsto no artigo 7. Antes da realización da proba, o aspirante deberá contestar as preguntas que formule o examinador sobre o funcionamento e manexo da aeronave.

3. Para revalidar antes de que caduquen as habilitacións MAF, DCG, AG, H e HD, o interesado deberá acreditar, no seu rexistro de tempo de voo ou mediante certificado emitido por unha escola de voo de ultralixeiro, cinco horas de voo nos doce meses anteriores á solicitude.

4. Para renovar as habilitacións MAF, DCG, AG, H e HD caducadas, o interesado deberá realizar unha proba de voo ante un examinador.

5. Tanto para revalidar como para renovar unha habilitación será requisito imprescindible dispor do certificado médico en vigor previsto no artigo 8.1, letra b).

## Artigo 11. *Habilitación de instrutor de ultralixeiro (FI).*

1. Para obter a habilitación de instrutor de ultralixeiro requírese:

- a) Licenza de piloto de ultralixeiro, coa habilitación en vigor do tipo de ultralixeiro en que pretende impartir a instrución e, se for o caso, a habilitación de radiofonista.
- b) Acreditar, no seu rexistro de tempo de voo ou mediante certificado emitido por unha escola de voo de ultralixeiro, duascientas horas de voo no tipo de ultralixeiro en que pretende impartir a instrución.
- c) Superar as probas teóricas e prácticas do curso de instrutor de ultralixeiro, cuxo contido aprobará a Axencia Estatal de Seguridade Aérea e se publicará na súa páxina web.



Tanto o exame teórico como o exame práctico realizaranse ante un examinador designado pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea, que deberá ser un examinador do artigo 7.2 ou un examinador experimentado do artigo 7.4.

O exame práctico consistirá nunha avaliación de competencia para demostrar a capacidade do interesado de instruír ao nivel necesario para obter a licenza ou habilitación correspondente.

2. O titular da habilitación de instrutor de ultralixeiro poderá impartir instrución teórica e práctica nunha escola de ultralixeiros, unicamente no tipo de ultralixeiro a que se refire a súa habilitación. Para poder impartir instrución noutro tipo de ultralixeiro, será necesario cumprir cos seguintes requisitos:

- a) Posuír a habilitación correspondente ao tipo de ultralixeiro de que se trate, que deberá estar en vigor; e
- b) acreditar, no seu rexistro de tempo de voo ou mediante certificado emitido por unha escola de voo de ultralixeiro, un mínimo de 200 horas de voo nese tipo de ultralixeiro.

3. Para revalidar a habilitación de instrutor (FI), o interesado deberá acreditar, no seu rexistro de tempo de voo, un mínimo de cinco horas de voo de instrución nunha escola autorizada, impartidas nos doce meses anteriores á solicitude, en cada un dos tipos de ultralixeiro para os cales estea habilitado como instrutor.

4. Para renovar a habilitación de instrutor caducada ou cando non se poida acreditar o mínimo de horas indicado no número anterior, o interesado deberá:

- a) Asistir ao seminario de actualización para instrutores da Axencia Estatal de Seguridade Aérea.
- b) Acreditar, mediante certificado emitido por unha escola de voo de ultralixeiro, que impartiu, ao menos, tres horas de clases teóricas na dita escola baixo a supervisión do instrutor.
- c) Acreditar, mediante certificado emitido por unha escola de voo de ultralixeiro, que realizou, ao menos, cinco horas de voo en que o interesado faga os labores de instrutor e o instrutor da escola faga os labores de alumno piloto.
- d) Superar a avaliación de competencia a que se refire o número 1 c).

#### Artigo 12. *Habilitación de radiofonista (RTC).*

1. Para obter a habilitación de radiofonista o interesado deberá acreditar:

- a) Posuír a licenza de piloto de ultralixeiro, con ao menos unha habilitación, en vigor.
- b) Ter superado o curso de radiofonista de ultralixeiro, aprobado pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea e publicado na súa páxina web, que incluírá un exame teórico e práctico.

2. A habilitación de radiofonista permite utilizar a banda aérea para establecer as comunicacións aeronáuticas necesarias para a realización da práctica de voo.

A renovación ou revalidación da habilitación de radiofonista será automática cando sexa revalidada ou renovada calquera das habilitacións previstas no artigo 9.1, letras a) a e), ambas inclusive, asociadas á licenza.

#### Artigo 13. *Validacións.*

1. Calquera posuidor dunha licenza de piloto de ultralixeiro expedida fóra de España poderá solicitar da Axencia Estatal de Seguridade Aérea a validación da súa licenza coas habilitacións que leve inseridas, sen prexuízo do previsto no número 4. Para obter a validación o interesado deberá acreditar:

- a) Posuír a licenza de piloto de ultralixeiro en vigor.
- b) Dispor do certificado médico previsto no artigo 8.1, letra b), en vigor.

c) Se a licenza non leva inserida ningunha habilitación, o piloto deberá acreditar un mínimo de 40 horas de voo no tipo de ultralixeiro (MAF, DCG, AG, H, HD) correspondente á habilitación que se inserirá na licenza.

d) Realizar unha proba de voo ante un examinador designado pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea, conforme o previsto no artigo 7.

2. Os pilotos con licenza de piloto privado (PPL), piloto comercial de avión (CPL) e piloto de transporte de liña aérea (ATPL) que soliciten a validación para obter a licenza de ultralixeiro, que levará inseridas as habilitacións MAF ou H, segundo corresponda, deberán acreditar que:

- a) Posúen a licenza de piloto en vigor.
- b) Dispoñen do certificado médico previsto no artigo 8.1, letra b), en vigor.
- c) Teñen realizado, nunha escola de ultralixeiros, ao menos, tres horas de instrución práctica, das cales unha será de voo só, no tipo de ultralixeiro cuxa habilitación pretenda anotar na licenza ou, alternativamente, ter superado unha proba de voo ante un examinador.

Para acreditar a realización da instrución práctica a que fai referencia este número, o interesado achegará un certificado emitido pola escola de ultralixeiros no cal debe facerse constar, ademais, que aquel coñece os procedementos operativos e de emerxencia e posúe a capacitación correspondente ao tipo de ultralixeiro de que se trate.

3. Os pilotos de ultralixeiro que posúan a licenza de piloto da Organización de Aviación Civil Internacional (OACI) en vigor poderán solicitar a inserción da habilitación de radiofonista nacional (RTC) na súa licenza de ultralixeiro.

4. En ningún caso se poderá validar a habilitación de instrutor de ultralixeiro (FI).

## CAPÍTULO IV

### Outras disposicións

Artigo 14. *Procedemento.*

1. Para a obtención das certificacións, aprobacións, licenzas, habilitacións, validacións e o resto das autorizacións previstas nos capítulos II e III, o interesado deberá remitir un escrito de solicitude á Axencia Estatal de Seguridade Aérea e xuntar a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previstos neste real decreto.

Naqueles procedementos en que o interesado deba superar unha proba de voo ou unha avaliación de competencia, a solicitude deberase presentar no prazo máximo de dous meses desde a superación da proba.

2. O prazo para resolver será de tres meses desde a data de solicitude.

No caso dos procedementos previstos no capítulo II, transcorrido o dito prazo sen terse ditado resolución expresa, a solicitude deberase entender estimada por silencio administrativo.

No caso dos procedementos previstos no capítulo III, transcorrido o prazo de tres meses sen terse ditado resolución expresa, a solicitude deberá entenderse denegada por silencio administrativo negativo, conforme a excepción prevista na disposición adicional vixésimo novena da Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, para os procedementos sobre expedición, renovación, revalidación e validación de títulos e licenzas de pilotos de avión, pilotos de helicóptero, pilotos de aviación deportiva e mecánicos de a bordo e o procedemento sobre habilitacións e autorizacións de persoal de voo.

As resolucións da Axencia Estatal de Seguridade Aérea poñen fin á vía administrativa nos termos previstos no artigo 4 do seu estatuto, aprobado polo Real decreto 184/2008, do 8 de febreiro.



Artigo 15. *Entidades colaboradoras.*

De conformidade co previsto no artigo 26 da Lei 21/2003, do 7 de xullo, de seguridade aérea, a Axencia Estatal de Seguridade Aérea poderá autorizar persoas e entidades colaboradoras para realizaren, para os efectos deste real decreto, as actividades a que se refire o artigo 26 da citada lei.

O réxime de reclamación e recurso fronte ás actuacións das entidades colaboradoras será o previsto no artigo 26.5 da Lei 21/2003, do 7 de xullo, de seguridade aérea.

Disposición adicional única. *Contención do gasto público.*

As medidas incluídas neste real decreto non poderán supor incremento de dotacións nin de retribucións nin doutros gastos de persoal.

Disposición transitoria primeira. *Substitución da tarxeta de alumno piloto.*

As tarxetas de alumno piloto vixentes no momento da entrada en vigor deste real decreto continuarán sendo válidas até que expire o seu período de vixencia, sen necesidade de ser substituídas polo documento de identificación previsto neste real decreto.

De acordo co anterior, no momento da expiración do período de vixencia da tarxeta, os seus titulares deberán solicitar a expedición do novo documento, nos termos e condicións previstos neste real decreto.

Disposición transitoria segunda. *Licenzas emitidas con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto.*

1. A partir da entrada en vigor deste real decreto, todas as licenzas, coas habilitacións que leven inseridas, serán expedidas de acordo co previsto neste real decreto.

Excepcionalmente, a aqueles que, tendo superado os exames teórico e práctico con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto, soliciten a expedición da licenza con posterioridade á súa entrada en vigor, expediráselles a licenza conforme o réxime anterior á entrada en vigor deste real decreto. A licenza expedida estará suxeita ao previsto no número 2.

O interesado que no momento da entrada en vigor deste real decreto unicamente tivese superado o exame teórico, non poderá facelo valer para a realización do exame práctico e posterior obtención da licenza regulada neste real decreto.

2. As licenzas expedidas antes da entrada en vigor deste real decreto seguirán sendo válidas, coas mesmas atribucións e habilitacións e, se for o caso, limitacións con que foron outorgadas, durante o prazo dun ano contado desde a entrada en vigor deste real decreto.

Durante o citado prazo dun ano, non procederá a revalidación nin a renovación de habilitacións e deberase observar o previsto no número seguinte para a expedición dunha nova licenza.

3. Antes de que transcorra o prazo dun ano a que fai referencia o número anterior, os titulares de licenzas emitidas con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto deberán solicitar á Axencia Estatal de Seguridade Aérea a expedición dunha nova licenza conforme o previsto neste real decreto, para o cal deberán acreditar, no seu rexistro de voo ou mediante certificado emitido por unha escola de voo de ultralixeiro, un mínimo de 20 horas de voo no tipo de aeronave ultralixeira correspondente á habilitación que se desexe inserir na licenza. No caso de licenzas que leven inserida a habilitación de instrutor (FI) será necesario, ademais, acreditar, mediante certificado emitido por unha escola de voo de ultralixeiro, ao menos cinco horas de instrución no tipo de aeronave correspondente.

Sen prexuízo do previsto no número anterior, os titulares dunha habilitación de radiofonista nacional poderán solicitar a súa conversión automática na habilitación de radiofonista (RTC) regulada neste real decreto, sempre e cando contén con, polo menos, unha habilitación MAF, DCG, AG, H ou HD en vigor.

Disposición transitoria terceira. *Exame teórico.*

Até que mediante resolución da Axencia Estatal de Seguridade Aérea ditada conforme o previsto na disposición derradeira quinta se establezan os requisitos para entender superado o exame teórico tipo test previsto no artigo 6.2, para superar o dito exame deberase contestar correctamente, ao menos, o 75% das preguntas e non penalizarán as preguntas contestadas incorrectamente.

Disposición derogatoria. *Normas derogatorias.*

Derróganse os capítulos IV a VIII, ambos inclusive, da Orde do 24 de abril de 1986 pola que se regula o voo de ultralixeiro, así como calquera outra norma de inferior ou igual rango no que se opoñan ao previsto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 2876/1982, do 15 de outubro, polo que se regula o rexistro e uso de aeronaves de estrutura lixeira e se modifica o rexistro de aeronaves privadas non mercantís.*

Introdúcense as seguintes modificacións no Real decreto 2876/1982, do 15 de outubro, polo que se regula o rexistro e uso de aeronaves de estrutura lixeira e se modifica o rexistro de aeronaves privadas non mercantís:

Un. Suprímese o artigo cuarto.

Dous. Engádesse unha disposición adicional única do seguinte teor:

«Disposición adicional única. *Actualización de referencias.*

As referencias deste real decreto ao carné de tripulante deben entenderse realizadas á licenza de piloto de ultralixeiro, e as relativas á Subsecretaría de Aviación Civil deben entenderse realizadas á Axencia Estatal de Seguridade Aérea.»

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro da competencia exclusiva que lle atribúe ao Estado o artigo 149.1.20.<sup>a</sup> da Constitución en materia de tránsito e transporte aéreo.

Disposición derradeira terceira. *Habilitación normativa.*

1. Habilítase o ministro de Fomento para ditar as disposicións de desenvolvemento do previsto neste real decreto.

2. O director xeral de Aviación Civil poderá aprobar mediante circular aeronáutica aquelas disposicións de carácter secundario e técnico co obxecto de precisar, completar e asegurar a máis eficaz aplicación deste real decreto, para cuxo efecto terá en conta as prescricións e recomendacións adoptadas pola Organización de Aviación Civil Internacional e polos organismos internacionais de que forme parte o Estado español.

Disposición derradeira cuarta. *Execución e aplicación.*

A Axencia Estatal de Seguridade Aérea, no ámbito das súas competencias, adoptará as medidas necesarias para a aplicación e execución do disposto neste real decreto.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor aos dous meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 27 de febreiro de 2015.

FELIPE R.

A ministra de Fomento,  
ANA MARÍA PASTOR JULIÁN